

Mércores 21-outubro-2009

Durante a mañá asistimos a 2 clases de inglés con alumnos polacos, nas que as profesoras propuxeron diferentes actividades en grupo. Previamente o profesor de EF asistiu ás 7h a unha clase na Piscina Municipal cos alumnos e profesores polacos.

Tras comer algo nunha pausa fixemos dous grupos que rotaron nas actividades: visita ao Museo Naval do Liceum e Xogos de Tenis de mesa na sala de baile.



Museo Naval do n° VI

Coma sempre desprazámonos no transporte público, tranvía ou bus e despois de comer visitamos a zona do “Muíño do Cura” (chamada así porque había un muíño que pertencía a un cura) e alí vimos o Palacio de Edward Herbst (S.XIX) agora convertido nun museo que garda algunhas das estancias reproducindo o ambiente da época; a sala oriental, sala de fumadores, mobles con portas secretas... Na zona hai amplos xardíns, varias fábricas hoxe con usos distintos (nunha está previsto que a convirtan nun centro comercial, cultural ademáis de construír vivendas) Na época socialista a produción das fábricas era exportada á Unión Soviética, pero tras os cambios políticos de 1989 perdeuse o mercado e as fábricas reconvertíronse con outros usos. Herbst, fillastro do anterior propietario, mellorou os espazos e edificios da zona do Muíño do Cura, construíndo vivendas para obreiros(hoxe aínda habitadas) hospitais...

Tamén vimos os xardíns de verán e de inverno do Palacio e logo os arredores, cun parque que antes era unha fraga. Xa á tardiña cada un foi cear coa súa familia de “acollida”.



Biblioteca do centro

Xoves 22-outubro-2009

Visitamos o Parque Natural dos outeiros de Lodz (ver anexos) Fixemos unha das rotas , camiñando algo máis de 2 horas despois de identificar o percorrido nun plano, recoñecer curvas de nivel... e chegamos ata 2 capelas católicas feitas de madeira, S. Agustín e S. Roque. Alí comemos outra vez os “Paçzek” e voltamos a Lodz no transporte público, como anécdota comentar que tivemos que cambiar de bus porque o noso comezou a botar fume!

Fomos convidados a comer chourizos á grella nas instalacións dunha igrexa evanxélica na que logo tivemos unha charla sobre a multiculturalidade en Lodz, cidade que recibiu cidadáns xudeus, católicos, evanxelistas...de países coma Alemaña, Rusia...ademais de polacos.



Entrada do Parque Natural

Venres 23-outubro-2009

Visitamos a Fábrica Branca e os museos da industria téxtil para logo ir ao Liceum e facer a despedida do Intercambio, na que nos entregaron uns agasallos para profesores, alumnos e para o Concello de Ortigueira.

Pola tarde, despois da comida, tivemos tempo libre! Para visitar a zona comercial e de ocio de

Manufaktura, un antigo complexo da industria téxtil reconvertido.

Sábado 24-outubro-2009

Saída de Lódz en tren, acompañados polas profesoras Malgorzata, Izabella e Iza, para chegar a Varsovia ás 11h.

Pola mañá visitamos os xardíns “dos baños” onde vimos o monumento a Chopin e pola tarde percorremos parte da rúa Nowy Swiat e o centro histórico, deixando aos alumnos ir en grupos cun plano-guía tras darlles unhas recomendacións do que visitar, por exemplo a praza do mercado, a serea símbolo da cidade...

Domingo 25-outubro-2009

Ás 9h saímos cara o Palacio da cultura e da Ciencia, un impresionante edificio da época soviética construído no tempo de Stalin no centro da praza máis grande de Europa. Nel propuxemos aos alumnos percorrer o exterior buscando e tomando fotos das estatuas que representaban os “santos comunistas” (muller traballadora, mineiro valente, obreiro de vangarda...) e das estatuas de Copérnico e de Andersen.

Logo xa nos diriximos ao aeroporto e tras despedirnos dos profesores e alumnos polacos comezamos a viaxe de volta a Ortigueira.



O controvertido Palacio da Cultura e da Ciencia

V. MELLORA DAS CAPACIDADES LINGÜÍSTICAS

O feito de ter que convivir durante a semana do intercambio cunha familia e un compañeiro cos que te tes que comunicar en Inglés é a mellor situación para coller soltura no emprego da lingua.

Pensamos que a incidencia na capacidade dos alumnos para expresarse en Inglés é moi positiva. A pesar de ser por un tempo limitado, durante a semana comezan a adquirir a capacidade de usar expresións e palabras útiles para a vida diaria e de optimizar os recursos que xa teñen para conseguir facerse entender, para pedir o que queren, para poder desplazarse nun novo país...

A mellora na pronuncia aínda que limitada, tamén é de destacar, debido sobre todo ao tempo de práctica, que é gran parte do día.

O reforzo en canto a aprendizaxe de elementos gramaticais ou de vocabulario só veu dado por algunhas charlas en inglés nas visitas a museos por parte de guías ou saídas por Lodz con explicacións da profesora de Inglés do nº VI, ademáis do traballado nas sesións de Lingua Inglesa ás que asistiron cos alumnos polacos.



Nunha clase de Inglés

VI. APUNTAMENTOS SOBRE O SISTEMA EDUCATIVO POLACO

Actualmente o Marco Común europeo de ensinanza está afectando aos Sistemas educativos dos estados membros, existindo nos últimos anos cambios nestes.

A división en etapas do Sistema Educativo non é moi diferente do noso.

*A nosa Educación infantil para eles é: de 0 a 6 anos (PRAEDSAKOLE) e non é obrigatoria.

*De 7 a 12 anos existen 6 cursos obrigatorios da escola primaria (SAKOTA PODSTAWOWA).

*De 13 a 15 unha especie de ensino secundario (GIMNAZJUM) de 3 cursos. Logo poden elixir 2 vías:

- a) De 16 a 19 anos o “Bacharelato” (LICEUM), de 3 cursos. Ao rematar para acceder á Universidade (UNIWERSYTET) onde cursarán 3 + 2 anos de carreiras de Idiomas, Ciencias Sociais, da rama Pedagóxica, etc ; ou á “POLITECHNIKA” tamén de 3+2 anos que é como a Universidade dos estudos “Técnicos” ou máis considerados “Científicos”.
- b) A escola profesional (TECHNIKUM), unha especie de Formación profesional, con 3 cursos

*No caso do LICEUM, que eran os estudos ofertados no centro que visitamos teñen o Español como materia optativa, con 2 sesións por semana en cada curso. É unha optativa dentro das posibilidades da 2ª Lingua estranxeira xunto con Francés e Alemán. Dicir que nestes últimos anos moitos alumnos elixen Español porque “está de moda”. Como 1ª Lingua estranxeira teñen Inglés, é só nalgúns centros Alemán.

Unha das aulas do Liceum Ogólnoszkolca (L.O. VI)



VII. CLASES DE EF

A posibilidade de intercambiar experiencias sobre a área de EF cos profesores polacos foi tamén un aspecto salientable. Coa viaxe comezamos o intercambio de materiais escritos, audiovisuais, experiencias das clases, das actividades deportivas dos centros...

As charlas sobre os sistemas de avaliación, observar as sesións... contribuíu de forma moi importante na nosa formación como profesores de ensino secundario.

Esta viaxe abriu as portas dunha colaboración máis fonda, que todos desexamos que continúe en cursos posteriores.

As **sesións de EF** polo xeral dividíanse en 3 partes, podendo variar según os contidos e o profesor.

1º Quentamento dinámico

2º Parte principal: deportes individuais ou colectivos; ou Condición Física

3º Volta á calma: respiración, carreira suave...

As clases son de 45 minutos e teñen 3 clases/semana en cada un dos tres cursos das ensinanzas do "Liceum", equivalentes a 4º ESO, 1º e 2º de BACH. No equivalente a Primaria e á ESO teñen 4 horas de EF/semana.

O curso divídese en 2 semestres. Na Programación de EF aparecen os temas de cada semestre, e detallan os contidos cun mínimo e a súa descrición, e un máximo.

Os contidos repítense nos tres cursos con certas variacións, aínda que aumentando en dificultade e progresando. Márcanse cada un dos contidos coa súa descrición e o número de sesións para traballalos en cada curso.

A Administración marca unha Programación bastante detallada cos contidos concretos, probas de avaliación... de cada curso e o profesorado adáptaa.

Destaca a disposición positiva dos alumnos nas clases, sempre atentos, esforzándose nos exercicios, e cun nivel de execución nos deportes moi superior ao dos nosos alumnos. Ademais cúmprense as normas de hixiene e vestiario durante e despois da sesión.